



BASES PARA O OUTORGAMENTO DE BOLSAS PARA A COMPRA DE LIBROS DE EDUCACIÓN INFANTIL. CONCELLO DO BARCO

1.- BENEFICIARIAS/OS

Familias con fillos/as menores de idade, estudantes de Educación Infantil, que necesiten apoio económico para a compra de libros.

Non se concederán bolsas para os cursos xa subvencionados pola Administración Autonómica e/ou Estatal.

Non se concederá diñeiro en efectivo, senón que se darán vales cambiabes en librerías colaboradoras

2.- REQUISITOS

- a) Estar empadroados/as e ter residencia no Concello do Barco de Valdeorras.
- b) Estudar en calquera dos colexios do Barco. Non se subvencionarán os cursos gratuítos.
- c) Que os ingresos familiares sexan inferiores a 12.800 euros anuais/netos, ou superando esa cantidade que non exceda a R.P.C da unidade familiar de 2.900 €/ano. Para determinar a contía dos ingresos, sumarase a parte xeral da renda do período impositivo coa parte especial da renda do período impositivo; e a esta cantidade resultante restaráselle a redución dos rendementos do traballo.
- d) Estar ao corrente coa facenda municipal do Barco de Valdeorras.
- e) Non ter recibidas outras axudas polo mesmo concepto.

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A contía da subvención terá en conta basicamente os ingresos, deducidos os descontos que a continuación se dirán.

Ademais dos requisitos ós que se fai referencia na base segunda, a efectos de concesión da axuda, valoraranse as seguintes situacións (descontando unha porcentaxe sobre os ingresos anuais netos, podendo darse dúas ou máis circunstancias dentro da mesma unidade familiar e por tanto podendo aplicarse varios descontos):

- a) Ser orfo/a de pai ou nai ou abandonado por un ou ambos ou pertencer a unha familia monoparental: 20%
- b) Encontrarse un dos pais incapacitado (ou el mesmo): 20%
- c) Vivir nun piso de aluguer ou estar pagando unha hipoteca 10%



- d) Por ser familia numerosa: 20%

ACLARACIÓN:

Os/as fillos/as e ascendentes que comparten vivenda coa unidade familiar que solicita bolsas, de teren medios económicos, contabilizaríase soamente o 50% dos ingresos anuais netos.

4.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR POLOS/AS SOLICITANTES:

1º. Xunto coa solicitude de subvención, o solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento identificativo da persoa que solicita (DNI, Permiso de residencia, pasaporte...).
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Declaración responsable dos ingresos da unidade familiar, coa achega do comprobante deses ingresos. (Declaración da Renda da Unidade Familiar do **ano 2006** ou certificación negativa da Axencia Tributaria no caso de non estar obrigado a realizala; certificado do INSS no caso de pensionistas ou do INEM no caso de estar en desemprego)
- Contrato e /ou recibo de aluguer ou recibo de hipoteca.
- Declaración responsable de non ter recibido axudas polo mesmo concepto. De recibilas sinalarase o seu importe.

2º. O Concello poderá solicitarlles cantos outros documentos considere oportunos aos solicitantes das bolsas.

3º. Os solicitantes deberán achegar obrigatoriamente no Concello a seguinte documentación imprescindible para acadar a subvención:

- Certificado do centro escolar de estar matriculado ou ter realizada a preinscrición.
- Outra documentación que lle poda ser requirida polo Concello.

4º. Asemade, os Servizos Sociais incorporarán de oficio ao expediente os certificados municipais, tanto de empadroamento da unidade familiar, como de estar ao día coa facenda municipal. Non se concederán bolsas se estes certificados non tivesen sentido afirmativo.

En casos especiais que así o requiran, xuntarase tamén un informe dos Servizos Sociais, onde se verificará e valorarán os datos presentados.

5.- CONTÍA DAS AXUDAS:

A contía máxima destas axudas será de 65 euros por menor; en calquera caso, a axuda total concedida non excederá de 250 euros por cada unidade familiar.

O importe final da bolsa pode variar en función dos créditos dispoñibles, do número de solicitudes, etc.



**CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS**

6.- PRAZO, LUGAR E HORARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Calquera consulta ou aclaración en relación coas solicitudes ou coa documentación para presentar poderá facerse no departamento de Servizos Sociais.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello do Barco de Valdeorras.

O prazo de presentación das solicitudes estenderase do 11 de xuño ao 27 de xuño de 2008, de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas, e os sábados de 10.00 a 13.00 horas.

O Concello do Barco de Valdeorras poderá solicitar calquera documentación que falte para completar o expediente.

7.- PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN:

A resolución das solicitudes de bolsas que reúnan os requisitos establecidos, efectuarase consonte cos seguintes criterios:

1.- Actuarán como elementos de ponderación e ordenación os ingresos netos familiares, de menor a maior contía, e nos termos recollidos na base 3ª.

2.- Unha vez realizada a valoración de todas as solicitudes presentadas, serán seleccionadas aquelas que cumpran os requisitos esixidos. Ditas propostas irán relacionadas pola orde de preferencia resultante da selección, de acordo co anteriormente exposto (ingresos de menor a maior contía).

3.- As solicitudes que non reúnan os requisitos esixidos serán obxecto de denegación.

En calquera caso, as axudas concederanse en función dos créditos dispoñibles para este concepto; por isto, non bastará para recibir a axuda solicitada que o/a solicitante reúna os requisitos previstos nesta convocatoria, senón que ademais será necesario que a súa solicitude poida ser atendida, tendo en conta o número de orde alcanzado no procedemento de selección.

Para estes efectos faise constar que o importe total das axudas para conceder polo Concello para esta finalidade non superará os 3.000 euros.

A valoración e a repartición das subvención de acordo con estas bases correspóndelle á Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Servizos Sociais ou da persoa ou as persoas que ela designe.

8.- PUBLICIDADE E CONCORRENCIA:



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

Coa finalidade de darlles a máxima publicidade ás axudas para libros, remitiranse as bases ás ANPAs e ás direccións de todos os centros educativos da vila, co fin de que as expoñan no taboleiro de anuncios e as fagan chegar por outros medios ás familias beneficiarias. Tamén se enviarán a outros departamentos do Concello (Casa da Cultura, Gardería...), traballadoras sociais doutros organismos (Hospital, Centro de Saúde, Centro Social e Cruz Vermella), sindicatos, AEVA, INEM, INSS, Oficina de Presidencia, Facenda.

Ademais publicarase o anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello do Barco de Valdeorras.

O Barco de Valdeorras, 14 de maio de 2008

Asdo.: Natalia Álvarez Diéguez

Concelleira de Servizos Sociais



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

ANEXO I DAS BASES PARA O OUTORGAMENTO DE BOLSAS PARA A COMPRA DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA. CURSO 2008-2009

S.M.I. (Ata 600 €/mes – 8.400 €/ano)

Educación Infantil: 65 €.

PARA INGRESOS ENTRE 8.400 €/ ano e 10.000 €/ano

Educación Infantil: 55 €.

PARA INGRESOS ENTRE 10.001 €/ano e 12.800 €/ano ou R.P.C. inferior a 2.900 €/ano.

Educación Infantil: 45 €.